

Modificacións da P. D. da materia de PERCUSIÓN

Curso 2019/20

Seguindo o indicado no *R.D. 463/2020*, na *Orde EFP/365/2020* e nas *Instrucións do 27 de abril de 2020*, da *Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20*, nos *centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, o **CMUS Profesional de Santiago de Compostela** establece as seguintes modificacións na Programación Didáctica da materia de PERCUSIÓN para o curso 2019-20:

- MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Non se modifican os criterios reflectidos na PD, aunque si se adecúan aos medios que cada alumno/a teña ao seu dispor.

- MODIFICACIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES

Os mínimos esixibles aplicaranse conforme ao acontecido durante o 1º e 2º trimestre do curso.

Ademais establécense as seguintes modificacións:

- Nos cursos en que consta o mínimo: “unha peza por cada instrumento do nivel especificado nos contidos” non se terá en conta o repertorio non traballado ou dominado por estar planificado para o 3º trimestre.
- Os mínimos que fan referencia a interpretación en calquera instrumento de un número determinado de obras e/ou estudos ese número minórase en $\frac{1}{3}$ (aproximando á alza no caso de que non sexa divisible entre tres).

- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

As actividades propostas, realizadas ou non polo alumnado, no 3º trimestre poderán influír positivamente na cualificación final pero nunca minorar a obtida na avaliación do 2º trimestre.

- **MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN**

Non sofren modificacións agás no tocante á adaptación e uso de novas ferramentas necesarias para o desenvolvemento dos procesos de maneira non presencial. Neste sentido as ferramentas para a avaliación do terceiro trimestres serán as mesmas que as utilizadas neste período docente co alumnado (videochamada, aulas virtuais, correo electrónico, Centros Net, etc).

Non se terá en conta a participación e actitude en concertos e audicións presenciais planificadas para o terceiro trimestre debido á súa cancelación.

- **MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN NOS CASOS EN QUE A AVALIACIÓN CONTINUA NON É POSIBLE**

Este punto só será aplicable ao alumnado que non puido ser avaliado de xeito continuo no 1º e 2º trimestre do curso e que neste 3º trimestre segue a non ser posible a súa avaliación continua.

A proba consistirá na interpretación dos exercicios e/ou obras indicados para o 1º e 2º trimestre de cada curso (no apartado Contidos) en cada un dos instrumentos que se mencionen, tendo en conta a necesaria adecuación aos medios que cada alumno/a teña ao seu dispor (100% da cualificación).

As modificacións dos criterios de avaliación e dos mínimos esixibles indicados anteriormente tamén afectan a este proba.

Esta proba realizarase preferentemente por videochamada, na convocatoria de dita proba indícarase a ferramenta utilizada.

Todas as modificacións anteriormente indicadas son de aplicación en todos os cursos de Grao Elemental e Profesional.